

A FIESTA
DO
ILLA

2006

VENTO DO SUR

Mar de chuvascos,
 Enxurradas desbordando canles
 Pólas que zoan presaxios de medo

Vento do sur da nosa terra
 Vento mariñeiro, de barcos amarrados na incerteza

Vento do sur do noso mar
 Vento de onda asoballante
 Inmensa forza da natureza
 De rochas esnaquizadas en espuma de neve nos cantís

Vento de viúvas e orfos resignados
 Zoa nos ollos mariñeiros
 Baleira as faldriqueiras de aforros de esperanza

E namentras
 Miradas de romántica posición
 Fan loubanza de beleza bucólica

Contemplan, tralo vidro seguro dun fogar acomodado.

Vento do sur
 Recollido alén dos mares, vés na procura dun tributo
 Dunha débeda eterna dos mariñeiros
 Cíclico e teimudo asolagas mar e terra
 Lémbranos inquedañas, medos, impotencias,
 Historias de homes sen historia
 Que tragaches imperturbable

Vento de auga,
 Vento de morte,
 Vento de vida,
 Vento do sur.

Asdo.: Tarabela da Figueira

Fin de curso. *A fiestra do Illa* nas túas mans. Moitas grazas a todos/as por facer posible esta realidade un ano máis: alumnado colaborador; deseñadores da portada e contraportada, Daniel Barros de 1º C e Marta Vázquez de 1º D, respectivamente; departamentos e profesorado; persoas "que escriben" e aconsellan, a todos, o máis sincero agradecemento.

Desde aquí animávosvos a que, para a vindeira ocasión, participedes coas vosas colaboracións, xa que aínda son escasas, sobre todo, no eido da creación literaria. Tamén vos animamos, neste ano do centenario da fundación da Real Academia Galega, a que fagades coma o persoeiro das Letras Galegas deste ano, Luguís Freire, e empreguedes o galego como lingua de voso e habitual. El foi o primeiro en usala nun mitin, nun xornal da diáspora e en obras de teatro dramáticas e de temática social... Vós non ides ser os primeiros, pero para que nosoutros non sexamos os derradeiros, tedes que comezar xa, mañá vai ser tarde. Ánimo e a falar.

Unha aperta "chea de lingua"

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

MANUEL LUGRÍS FREIRE

Nace o 12 de febreiro de 1863 na vila de Sada. Sada é nesa época unha vila cun alto número de veciños que optan, para saír da miseria, pola emigración ás américas. Lugrís, anos máis tarde,



sentirá tamén esa necesidade e, chamado polo seu irmán Plácido, vaise cos seus vinte anos e moitas ganas de traballar para Cuba. Alí dá os seus primeiros pasos no oficio de contable, oficio que, con variantes, xa non deixará. O traballo era moito, mais aínda ten tempo para dedicarse ao labor cultural e comeza a publicar as súas primeiras obras. En 1885 funda, xunto con Ramón Armada Teixeira, *A Gaita Gallega*, a primeira publicación periódica integramente en galego na emigración.

En 1896 volve a Galicia casado coa cubana Concepción Orta, o matrimonio instálase na Coruña e el segue a traballar no mundo da contabilidade.

Recomeza nesta cidade o seu labor cultural e participará activamente nas reunións galeguistas da *Cova Céltica*, xunto con Murguía, Pondal e outros. Tamén forma parte, como secretario, da Liga Gallega da Cruña.

En 1898 nace a súa filla Socorro e mórrelle a muller, feito que o leva a caer nunha forte depresión. Reposto deste luctuoso percance, en 1902 casará con Purificación González Varela, irmá do pintor e escritor rexionalista Urbano González, coa que terá cinco fillos.

De 1900 a 1910 atravesa unha das épocas de maior actividade cultural e literaria xa que publica *Noitebras* (1901), funda e dirixe a Escola Rexional de Declamación (1903), estrea *A Ponte* (1903), *Minia* (1904), *Mareiras* (1904), e *Esclavitu* (1906); participa como membro de número na fundación Real Academia Galega (1906), utiliza por primeira vez na historia a lingua galega nun mitin político (1907) e publica o volume *Contos de Asieumedre* (1908).

En 1916 participa na fundación das Irmandades da Fala e é nomeado pola Irmandade da Cruña, Mestre da Fala. A partir deste ano, comeza outra época de grande actividade con obras como *O Pazo* (1917), *Estadeíña* e *Versos de Loita* (1919). Tamén publica a primeira gramática escrita integramente en galego *Gramática do idioma galego* (1922), ingresa como socio correspondente no Seminario de Estudos Galegos (1923) e recibe diversas homenaxes pronunciando varios discursos de agradecemento.

En 1927 publica o que se considera o seu mellor libro *Ardencias*; en 1928 *As Mariñas de Sada*, dedicado á súa vila natal.

Na década dos trinta desenvolve unha intensa actividade pública xa que participa en numerosos actos políticos e mitins, todos eles en defensa do Estatuto de Autonomía, xa que é membro da súa Comisión Redactora, colabora na elaboración do programa do Partido Autonomista Republicano Agrario para as eleccións do ano 30



e na posta en marcha da Federación Republicana Gallega; reedita algúns dos seus libros e o 28 de abril de 1934 é nomeado presidente da Real Academia Galega.

En 1935 renuncia á presidencia da Real Academia por motivos de saúde e tras emitir o seu voto (xuño de 1936) no referendo do Estatuto de Autonomía declara emocionado que xa pode morrer co seu soño cumprido. E así, enfermo e desanimado, péchase durante a Guerra Civil e case non sae da casa. Morre na Coruña o 15 de febreiro de 1940.



MOSTRA DA SÚA OBRA

“ADIANTE!”

(HIMNO A GALICIA)


Unha nai solo deunos a vida,
E nos espazos hai un solo sol;
Solo unha terra, sempre querida,
Por patria nosa donounos Dios.

Nobre Galicia, terra sagrada,
Dos fortes celtas amante nai,
Recibe a ofrenda para ti donada
Ô santo grito de libertá.

¡Adiante sempre! Nos hourizontes
Escintilea xa un novo sol,
Que pol-as vilas, veigas e montes
Trai a fogaxe da redención.

Loitemos todos pol-o progreso;
Xuremos todos têr hirmandá;
Y-así libremos un pobo opreso
Ô santo grito de libertá.

A Cruña, 19 de Maio de 1907.



“CANTIGA DOS AMIGOS DA FALA”

Na fala gallega vive
A ialma da nosa terra;
A redención de Galicia
Nos seus acentos latexa.

Pobo que o seu verbo esquece
É traidor á natureza;
Como irmáns todos falemos
A nobre fala gallega.

Amigos da Fala somos
Y-o amor de Galicia sea,
Xa que de todos é nai,
Quen nos xunte e nos protexa.
Versos de loita, 1918.

“MOCIDADE”

...
Amo a xusticia e quero
Canto é digno de amor;
A Terra en que fun nado,
Seu verbo enmeigador.
Amo a quen sofre e chora,
E detesto ao tirán;
¡Aínda teño por musa
A santa Libertá!
¡Aínda teño ilusión,
Aínda son mozo, aínda
Soña o meu corazón!

...
Ardencias, 1927.



Unha escena de *A ponte*, 1903.1



ANTÓN: Poña a mesa e preparémonos para cear en santa e amable compañía.

PEDRO: E que o volvamos a facer xuntos o ano que vén.

ANTÓN: Si, pero vendo albrexar a felicidade para nós e o día do castigo para os que nos esplotan sin piedade.

PEDRO: Dio-lo queira.

ANTÓN: Dios non se mete nesas cousas. Témolos que querer nós.

PEDRO: Eso en que vosté soña, inda que todos nos puxeramos de acordo non o disfrutaremos.

ANTÓN: Perdóeme, compadre; ese é un egoísmo, propio dos nosos labregos, que nos fai moito dano. ¿Vosté foi quen prantou a nogueira do souto pequeno?

PEDRO: Non, foi meu avó.

ANTÓN: E seu avó, ¿probou as noces desa nogueira?

PEDRO: Non, hasto os netos non deu froito.

ANTÓN: Poi-lo mesmo lle pasa coa nosa redención. Temos que sementar moito, pasar moitos traballos e fatigas para que os nosos fillos ou os nosos netos teñan máis libertá, máis dereitos, máis pan do que temos nós ...

Entre compañeiros.

O médico don Cándido mercara un porco na feira do primeiro de Betanzos. Aos poucos días enfermóuselle o animalíño, e veuse na necesidá de chamar a un albéitar, ou “ciruxano das bestas”, como din os viciños de Miodelo.

- Chameino, -díxolle don Cándido- porque é unha lástima que un animal coma este morra sin o *ausilio da ciencia*.

O albéitar señor Mingos, que así se chamaba, comprendeu que nas derradeiras palabras do médico había unha intención bulrona, e respondeulle:

Está ben, señor don Cándido, está ben: cada un fai o que pode. Menos mal que a miña ciencia é dabondo para sana-los porcos, con perdón... Direille, se me dá licencia, que como estos

animalíños non falan, é máis difícil do que moitos pensan adiviñar o mal e e facer un diagnóstico ... ¡Ah, se eles falaran... a cousa non tería ciencia!...

Co esta indireuta quedou ben cobrado o señor Mingos.

Comenzou, pois, a cura do porco, que non tardou sete días en estare máis rufo que un cacique fóra a ialma, se é que estes animás dañinos a teñen, que hai moitos que o dudan.

- Señor don Cándido, o porco xa está sanado, e polo mesmo non volvo máis por aquí.
- ¿E que enfermédá tiña?
- Unha *enteiritis* con *outrusión* do tubo chamado *Pedro-Peres* que lle producía unha melancolía que mesmamente o tiña esganado.
- Vexo que está vosté moi ben en terminoloxía...
- Eu voume gobernando como podo, do mesmo xeito que vosté se goberna...
- Si, home, si; -respondeulle o médico dándolle unhas palmadiñas nas costas- é vostede un galeno feito e direito...
- Moitas gracias...
- ¿E canto lle debo polo cura do porco?
- Nada, don Cándido, nada... ¿Ave María! ¿E habíalle de cobrar eu? ¡De ningunha maneira!... *Entre compañeiros sempre estamos pagados*.



Publicado en *A Nosa Terra*, nº 39, do 19 de maio de 1908 (reproducido logo noutras revistas e incluído en libro na edición de *Contos de Asieumedre*, 1909).

O MAGOSTO



CASTAÑAS E XOGOS POPULARES PARA TODOS- AS



ACTA DE CUALIFICACIÓN DO VII CONCURSO DE NARRACIÓNS CURTAS

IES ILLA DE SAN SIMÓN

O xurado do VII Concurso de Narracións Curtas IES ILLA DE SAN SIMÓN, constituído polos membros do Departamento de Lingua e Literatura Galega: Dona Elvira López Alló, Don Xosé Alberte Platero Varela, Don Xosé Luís Clemente Ledo e por Dona Claudia Sangineti, presidenta da ANPA, reunidos o 1 de xuño de 2006, decidiu conceder os premios deste concurso convocado pola ANPA "Paulina Sánchez Otero", o Departamento de Lingua Galega e Literatura e o Equipo de Normalización Lingüística do IES Illa de San Simón aos seguintes participantes:

1º premio: Entre mortos e vivos de Cristina Gómez Souto de 4ºA.

2º premio: O conto dos fumadores de Óscar Soto Fernández de 1ºB.

3º premio: Os superpoderes de Lapitrolas de Rosa Mª Amoedo Bouzón de 2ºC.

Para facer público este fallo, asinamos a presente acta en Redondela a 5 de xuño de 2006.



O NOSO ENTROIDO



FESTA RACHADA E HUMOR A ESGALLA



PRIMEIRO PREMIO DE NARRACIÓN

ENTRE MORTOS E VIVOS

“Era de mañanciña e o día estaba a espertar. Na praza da vila, xusto a carón da taberna estaba a tenda. Xerónimo como todas as mañás por aquelas horas estaba pondo en orde os andeis. Aquel establecemento tiña moitos anos, deixárallo a súa nai como herdanza e nel vivía desde que tiña uso de razón.

A parte traseira da tenda daba a unha horta na que Xerónimo plantaba legumes que logo vendía no seu comercio, aquilo era o que lle daba diñeiro para poder vivir, aínda que a súa ilusión era ter unha tenda de artesanía xa que desde ben cativo collera a afección de traballar a madeira; as mans deste home falaban por si soas do intenso traballo do día a día, véndoas ninguén se imaxinaría o ben que tocaba o violín. Moitas tardes se se pasaba preto da porta da tenda podía escoitarse unha melodía colorista que desentoaba co estado de ánimo da xente da vila. A tenda tiña forma cadrada, a metade do establecemento estaba destinado á alimentación e a outra aos numerosos obxectos que o home facía con madeira: reloxo, avións, trens... infinidade de cousas moi elaboradas, cheas de detallíños. Todo isto apilábase en numerosos andeis e por riba de caixas, dando a sensación de desorde e ao mesmo tempo de lugar misterioso no que se poderían pasar horas e horas porque sempre atopas algo interesante que esperta a túa imaxinación. A mágoa era que a xente que visitaba a tenda estaba tan inmersa no seu mundo que non reparaba en todo aquilo que o home facía con tanta paciencia e dedicación, a única preocupación daquela xente era sobrevivir.

Os tempos eran difíciles, a fame comezaba a asolagar a vila e polo tanto tamén a enfermidade e a desesperación. En momentos tan extremos pouca xente se paraba a reparar en que se estaba a converter a súa vida, se de verdade valía a pena esquecer todo o realmente importante e sumirse en lamentos e preocupacións.

As mulleres tiñan que estar na casa, non podían ir á escola, tiñan que atender aos enfermos e ir á igrexa a pedir por todos os mortos e polos vivos que ían polo mesmo camiño. Os homes tiñan que ir traballar e esperar o momento de ir loitar a calquera das numerosas guerras, nin uns, nin outros podían pensar, facer música, ler, etc.

Tiñan unha vida monótona ligada a obedecer á xente coa que non estaban de acordo.

Naqueles tempos pouca xente se permitía ser feliz, facer o que realmente quixese aínda que a morte o estivese agardando a un no seguinte paso. En definitiva, para moitos pararse a ollar aquelas delicadas pezas de madeira, cheas de vida e fantasía era unha perda de tempo, agás para unha cativa, duns cinco anos, que sempre que entraba na tenda quedaba ollando como arroubada todo aquel mundo máxico feito de madeira, un mundo cheo de ledicia, de imaxinación, todo o que ela non tiña no momento que lle tocara vivir. Cando Xerónimo ollaba para aquela rapaza non podía evitar que un sorriso iluminase a súa face, alguén estaba

deixando de lado a tristura que se vivía naqueles intres, alguén estaba viaxando coa súa imaxinación polo que de verdade lle gustaba, alguén non se estaba deixando levar polos sentimentos de resignación que invadían a todos. Ao ollar aqueles xoguetes a cativa sorría, esquecendo o que estaba a suceder ao seu redor.

Tempo despois decatouse de que aquela nena era realmente especial e propúxolle que viñese todas as tardes para aprender a ler e escribir, algo polo que sentía verdadeira devoción. Xerónimo sentía que con rapazas como aquela, dispostas a botar por terra moitas regras inxustas da sociedade, as cousas podían cambiar.

El era un home de complexión delgada, a súa pel estaba morena polas horas de traballo na horta, tiña o pelo castaño e sempre o levaba alborotado, mais o que sen dúbida destacaba del eran os seus ollos azuis, intensos, cheos de luz, el era diferente, isto podía adiviñar cando llos mirabas.

Xusto fronte á porta da tenda estaba o mostrador, detrás del sempre estaban a xogar dous cativos, os fillos do tendeiro. O máis grande andaría polos dez anos e desde ben pequeno sentíase atraído pola música polo que o pai pronto lle ensinou a tocar o violín; ademais desta afección, herdara do seu pai aqueles ollos azuis, que no rapaz aínda eran máis profundos e a través deles víanse tantas cousas, a mágoa era que el non puidese facer o mesmo. Talvez fose por iso polo que lle gustaba tanto a música, era algo que podía vivir sen necesidade de velo, igual ca sentir o agarimo que lle facía unha man ou as cóxegas do vento ao rozalo.

Ao máis novo gustáballes observar ao seu pai cando facía xoguetes e pronto comezou a imitalo, aquel tiña os ollos castaños da súa nai á que nunca coñecera.

Pola noite xuntábanse os tres e mentres un tentaba dar as primeiras notas co violín e o outro facer sucos coa navalla na madeira, o pai contáballes historias que os liberaban dos tempos tan duros que se vivían, faláballes do importante que é facer o que de verdade un quere para sentir que a vida paga a pena en calquera circunstancia.

Longos anos foron pasando así ata que a treboada que se aveciñaba contra aquela tenda, precipitouse con toda a súa forza: o pai recibiu a noticia de que tiña que ir á guerra; non podía crer como ata aquela vila recóndita, agochada no medio de montañas, tiña tamén que chegar a guerra, que guerra? Iso dá igual, porque todas son o mesmo, todas paren dor e inxustizas.

Estaba claro que Xerónimo non tiña pensado ir á guerra, os seus fillos xa o sabían polo que adiviñaban cal era o camiño que lles agardaba. Cando chegou o día da despedida os fillos non podían dicir unha soa palabra, as bágoas escorregaban polas súas meixelas incesantemente.

O diñeiro non abundaba e cada rapaz tivo que marchar á súa vida, os seus camiños afastáronse e nunca se volveron unir fisicamente. O pai foi fusilado, pero como el dicía “cando a morte está preto vívese máis intensamente” e así viviu os derradeiros intres da súa existencia, sendo fiel ao que pensaba.

A moitos quilómetros de distancia o fillo maior tocaba o violín e o pequeno facía xoguetes de madeira, os dous facían o que de verdade sentían, esquecéndose da existencia simple, e transmitindo sentimentos, un a través da música e o outro agasallando con ilusión aos nenos.

En ocasións, nalgún lugar do mundo un violinista fixaba os seus intensos ollos azuis nun punto e imaxinábase na tenda da súa infancia; noutro punto xeográfico moi distante, un fabricante de xoguetes facía o mesmo e ambos sentían como se paraban os sons do mundo e só se escoitaban as pegadas dunha navalla

contra un anaco de madeira e as notas dun violín meláncolico, formando xuntos a melodía con máis paixón pola vida que se poida imaxinar.

Anos despois de que estas tres vidas se separasen para estar unidas só a través de alcanzar un mesmo obxectivo, unha rapaza mercou aquela tenda que tanto a fixera soñar de nena cando quedaba abraiada ollando para aqueles maravillosos obxectos de madeira, seguindo o exemplo daqueles homes que basearan as súas vidas en facer o que lles gustaba, o que os convertía en persoas.

Escribiu un libro cargado de paixón derramando sobre o papel todo canto facía, isto era o que a liberaba. Contou aquela historia chea de vida nun mundo morto, a historia de tres homes e dela mesma, que non se deixaron levar polos acontecementos da súa época, que botaron polo chan todo o que era inxusto, que non se quedaron ancorados no pasado, que venceron o medo que non lles deixaba ver o camiño, que deixaron aflorar os seus sentimentos, que se rebelaron; só con persoas así o mundo pode cambiar, persoas que non se deixan afundir pola guerra, o odio, a inxustiza, persoas que voan sobre todo iso e séntense “vivas”.

Deixei a pluma na mesa e metín as follas nun cartafol, erguinme e achegueime á fiestra; o ceo estaba cuberto de nubes escuras, o mar estalaba contra as rochas, embravecido. Dei a volta e mirei a televisión de novo, seguían a falar da mesma noticia, miles de persoas feridas pola guerra, un país tinguído de negro pola morte e nese intre pregunteime: poden realmente unhas poucas persoas cambiar o mundo se o resto se opón?.

Cristina Gómez – 4º A



SEGUNDO PREMIO DE NARRACIÓN

O CONTO DOS FUMADORES

Ían xa ser as doce da noite e o seu neto Xoán estaba a ver unha película antiga na sala de holovisión, unha desas películas que antes se vían en vídeos e agora convertéronas en tridimensionais.

- Veña Xoán, a durmir! Pon o casco do sono e á cama.
- Non me gusta durmir con ese maldito casco, e ademais aínda é cedo!

O casco era un invento novo e non estaba moi perfeccionado, era incómodo ata que te afacías ás ondas que producen o sono. No cuarto proxectábase a figura dun home fumando un pitillo e, de súpeto, Xoán pregúntalle ao seu avó:

- Que é iso que leva ese home na boca?
- Chámase pitillo, era algo así coma un papel cunha especie de herbas dentro que ao queimalo saía fume, a iso chamábanlle fumar.
- E a que sabía iso?
- Penso que non sabía a nada ou iso era o que me dicía o meu avó, pois el fora fumador, mais tivera que deixalo porque era moi malo para a saúde.
- Que parvada! Se era malo, por que o facía?
- Non estou seguro, pero parece ser que as persoas fumaban para destacar, sentirse importantes ou por ser rebeldes. Veña, agora vai durmir!
- Non por favor, cóntame máis cousas dos fumadores.
- Está ben, se vas para a cama contareiche alí por que a xente deixou de fumar.

Xoán obedeceu xa que non coñecía o vello truco de contar un conto para durmir. Cando xa estaba metido na súa cama o avó comezou o conto:

Daquela no mundo fumaba moita xente. Os que o facían, co tempo, chegaban a atoparse moi mal, tusían a miúdo, respiraban con dificultade e algúns morrían de cancro de pulmón.

- E, por que non se vacinaban?
- Naqueles tempos aínda non se coñecía a vacina contra o cancro, todo isto sucedeu cando o teu tataravó era mozo.

Ben, como che estaba a dicir os médicos e os políticos fixeron o imposible para que a xente deixara de fumar, pero algúns seguían fumando nas súas casas ou nas rúas. Entón, non se sabe moi ben o porqué, xurdiu un grande interese pola telepatía. Os científicos estudaban o cerebro máis ca nunca e ficaban abraiados pola cantidade de persoas que lían o pensamento doutras. Pero, isto non sucedía sempre: un día podían ler o pensamento dunha persoa e outro día non. Despois de moitos experimentos, decatáronse de que sempre que



se lía unha mente, esta era dun fumador; algo tiñan os fumadores que facilitaba que os outros pudiesen ler os seus pensamentos.

- Entón, podía ler a mente dos fumadores?
- Non sempre, resultou ser que a mestura da vitamina TG14, que fora creada no laboratorio e que a xente tomaba para sobrevivir á contaminación que existía no aire, con pequenas moléculas de nicotina que saían do fume dos pitillos dos fumadores, facía posible a lectura.

Ou sexa, cando alguén tomaba a vitamina TG14 por un tempo, o seu cerebro captaba os pensamentos das persoas que botaban o fume cando fumaban. Aínda que moita xente deixou de fumar, non se arranxaron os problemas, xa que se tiña unha arma infalible para saber se a xente mentía e esta usouse. Nos xuízos fíxose obrigatoria “ a proba do pitillo” e cando un prisioneiro de guerra era collido, facéndolle fumar, sabíanse con seguridade todas as accións que os inimigos tiñan previstas e deste xeito as guerras chegaron a ser máis sanguentas. Cando chegou a lei que prohibía obrigar a fumar ás persoas para lerlles o pensamento, xa era demasiado tarde: as armas nucleares comezaran a empregarse e chegou o holocausto mundial.

Aquel planeta, de onde vimos todos, chamábase Terra e ficou sen vida.

Agora todos os descendentes da colonia Alfa Centauro que vivimos espallados pola galaxia sabemos que o peor inimigo son os nosos propios pensamentos.

Xoán xa durmía desde había tempo e o seu avó sentindo unha morriña moi grande por aquel planeta apagou a luz e cerrou a porta do cuarto.

Óscar Soto -1º B

TERCEIRO PREMIO DE NARRACIÓN

Os superpoderes de Lapitrolas

Nun cálido día de verán, un home chamado Duke, ía camiñando polo parque cando, de súpeto, viu diante del unha muller que estaba a ser atacada por Ovo, un personaxe maligno da vila de Redondela que causaba terror entre as mozas e os mozos debido á súa extrema fealdade. Duke decidiu salvar a muller daquel temerario individuo.

Ambos mantiveron unha violenta pelexa da que, ao final, Duke saiu vencedor.

Deuse o caso de que a dama rescatada tiña certos poderes máxicos e usou estes sobre Duke como agasallo pola súa valentía ante tal moínante. Estes poderes fixeron que Duke chegase a ser invencible, aínda que, sen el querelo, pois a meiga non lle deu outra opción ca converterse en superheroe. O problema foi que polo abuso destes poderes, que só afectaban a persoas con alto colesterol, Duke converteuse nun mentireiro compulsivo.

Esa mesma noite sufriu unha transformación e converteuse nun lapis con goma, o que non lle axudaba moito, xa que agora o seu aspecto non era tan perverso como o fora anteriormente. A xente escachaba coa risa cando se topaba con el na rúa. Como o seu aspecto xa non causaba medo cambiou de nome para que ninguén soubese o que lle sucedera con aquel meigallo. Desde ese momento Duke pasou a chamarse Lapitrolas pola súa forma de lapis e a facilidade coa que mentía.

Pero as cousas sempre se complican e o retorno de Ovo era inevitable: este volveu ás rúas para sementar o pánico entre o pobo.

No centro de Redondela, mentres na policía botaban a sesta das 3:00, Ovo aproveitou para roubarlle a un “ionqui” 20 gr. de cabalo que leaba no peto. Entre tantos berros apareceu Lapitrolas e dixo:

-Alto aí Dr. Ovo!

-Desta non me colles, souben que ías vir por min e por iso trouxen a miña irmá Pichón que cos seus chios vaiche producir unha dor de cabeza que vas cagar pola goma.

-Xa, xa, que risa me dás! - Respondeu.

A pequena Pichón estaba a preparar a súa voz aguda cando, de repente, Lapitrolas emitiu un resplandor tan grande arredor do seu pequeno corpo de lapis que cegou ata o vendedor dos cupóns da ONCE.

Algo inexplicable ocorrera, era un SMS da meiga no que lle enviaba o manual de instrucións sobre o uso dos poderes maxicos que lle foran concedidos.

Imaxinándose a paliza que ía levar, Ovo decidiu fuxir montado sobre Pichón, saíndo a fume de carozo.

O drogadicto resultou ser un alumno do IES Illa de San Simón que estaba a traballar nun proxecto para a dotación de gardas de seguridade robotizados superintelixentes que axudarían aos profesores a manter á raia aos alumnos máis conflitivos. Grazas a este acto de valentía o Ministro José Bono concedeu-lle a Lapitrolas unha medalla ao mérito español e un posto no instituto como encargado de seguridade de 1º C.

Rosa Mª Amoedo – 2ºC



I. E. S. "ILLA DE SAN SIMÓN" .- REDONDELA**ATLETISMO 2006 .- Mellores marcas FEMININAS****INFANTIS****CADETES**

<u>SALTO DE LONXITUDE:</u>	1ª <u>MARÍA CABALEIRO FIGU.</u>	3,66	1ª <u>MARÍA AMOEDO LAMAS</u>	3,80		
	2ª <u>LAURA MAESTÚ VÁZQUEZ</u>	3,59	2ª <u>LUCÍA LÓPEZ REBOREDO</u>	3,76		
	3ª <u>JÉSSICA RGUEZ. PAMPÍN</u>	3,44	3ª <u>ESTEFANÍA MONTES EST.</u>	3,35		
<u>LANZAMENTO DE PESO:</u>	1ª <u>SARA GONZÁLEZ BARREIRO</u>	7,70	1ª <u>CARMEN DOCAMPO SÁNCHEZ</u>	8,60		
	2ª <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	7,60	2ª <u>UXÍA GONZÁLEZ BROULLÓN</u>	8,35		
	3ª <u>LIDA KROOK CASTAÑO</u>	7,49	3ª <u>KATIA DOMÍNGUEZ TOVAR</u>	7,85		
<u>SALTO DE ALTURA:</u>	1ª <u>MARIANA TRINIDAD RIVADULLA</u>	1,30	1ª <u>ESTEFANÍA MONTES ESTÉVEZ</u>	1,20		
	2ª <u>MARÍA CABALEIRO FIGUEROA</u>	1,30	2ª <u>ANA E. TÁBOAS MORGADO</u>	1,05		
	3ª <u>LAURA MAESTÚ VÁZQUEZ</u>	1,25	3ª _____			
<u>VELOCIDADE PURA:</u>	1ª <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	<u>NR</u>	11"49	1ª <u>MARÍA AMOEDO LAMAS</u>	11"80	
<u>80 m. LISOS:</u>	2ª <u>ANA GARCÍA-L. PENSADO</u>	11"93	2ª <u>LUCÍA LÓPEZ REBOREDO</u>	12"13		
	3ª <u>MARIANA TRINIDAD RIV.</u>	12"00	3ª <u>ÁNGELA LÓPEZ DOCAMPO</u>	12"40		
<u>OBSTÁCULOS:</u>	1ª <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	<u>NR</u>	11"09	1ª <u>ESTEFANÍA MONTES EST.</u>	13.66	
<u>60 m. VALLAS:</u>	2ª <u>LAURA MAESTÚ VÁZQUEZ</u>	11"64	2ª <u>SANDRA FDEZ. VÁZQUEZ</u>	14"20		
	3ª <u>JÉSSICA RGUEZ. PAMPÍN</u>	12"12	3ª <u>BEATRIZ FERREIRO FERRAD.</u>	15"28		
<u>VELOCIDADE-</u>	1ª <u>MARIANA TRINIDAD RIV.</u>	32"01	1ª <u>MARIANA FDEZ. GUARDIOLA</u>	32"21		
<u>RESISTENCIA: 200 m.:</u>	2ª <u>MARÍA SERTAL SOUTO</u>	33"41	2ª <u>LAURA GONZÁLEZ GALLEG0</u>	33"61		
	3ª <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	33"50	3ª <u>MARÍA AMOEDO LAMAS</u>	33"75		
<u>FONDO: 1000 metros:</u>	1ª <u>XEILA FERVENZA RGUEZ.</u>	<u>NR</u>	4'01"	1ª <u>MARIANA FDEZ GUARDIOLA</u>	<u>NR</u>	3'25"
	2ª <u>ARABIA MARTÍNEZ GLEZ.</u>	4'21"	2ª <u>YOLANDA SANTOS CORUJEIRA</u>	4'19"		
	3ª <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	4'30"	3ª <u>LUCÍA GARCÍA LÓPEZ</u>	4'23"		
<u>FONDO:</u>	1ª <u>XEILA FERVENZA RGUEZ.</u>	<u>NR</u>	2.035 m	1ª <u>MARIANA FDEZ GUARDIOLA</u>	<u>NR</u>	3.015
<u>Test COOPER 9 min.:</u>	2ª <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	1.950 m	2ª <u>LUCÍA GARCÍA LÓPEZ</u>	2.525 m		
<u>Test COOPER 12 min.:</u>	3ª <u>JUDIT CAB. / MARIANA TR.</u>	1.900 m	3ª <u>VERÓNICA POSADA BOUZÓN</u>	2.500 m		





ATLETISMO 2006.- Mellores marcas MASCULINAS**INFANTIS****CADETES**

SALTO DE LONXITUDE:	1º JAVIER GRADÍN PÉREZ	4,62	1º DANIEL ÁLVAREZ GÓMEZ	4,95
	2º MIGUEL SÍO LÓPEZ	4,28	2º FERNANDO CAMPOS REIS	4,75
	3º DAVID PAZOS PEREIRA	4,11	3º ISAAC PRADA MÍGUEZ	4,65
LANZAMENTO DE PESO:	1º DAVID PAZOS PEREIRA	9,64	1º J. ÁNGEL CAMPOS DARROZA	10,32
	2º MIGUEL A. IRIARTE MÍGUEZ	9,43	2º ELOY KROOK CASTAÑO	10,21
	3º CÉSAR DA VILA MARTÍNEZ	8,00	3º ABEL REBOREDA MARTÍNEZ	9,95
SALTO DE ALTURA:	1º DAVID PAZOS PEREIRA	1,40	1º CHRISTIAN DACOSTA VILABOA	1,48
	2º EDGAR ALONSO CABELLO	1,35	2º ELOY KROOK CASTAÑO	1,35
	3º ÓSCAR SOTO; CÉSAR LAGO	1,30	3º S. PÉREZ; D. BARROS; OMAR AQID	1,30
VELOCIDADE PURA:	1º JAVIER GRADÍN PÉREZ NR	10"58	1º DANIEL ÁLVAREZ GÓMEZ	10.14
80 m. LISOS:	2º GABRIEL BAZ SANGINETTI	11"33	2º ABEL REBOREDA MARTÍNEZ	10.60
	3º MIGUEL SÍO LÓPEZ	11"46	3º ALFONSO APARICIO VEGA	10.76
OBSTÁCULOS:	1º JAVIER GRADÍN PÉREZ	10"58	1º BRAIS MONROY RIVAS	10"84
60 m. VALLAS:	2º MIGUEL SÍO LÓPEZ	10"95	2º JOSÉ M. CASTRO RODRIGUEZ	11"37
	3º LUCAS REGUERA FERREIRA	11"35	3º ELOY KROOK CASTAÑO	11"55
VELOCIDADE-	1º MIGUEL SÍO LÓPEZ	29"78	1º ALFONSO APARICIO VEGA NR	27"94
RESISTENCIA: 200 m.:	2º ALBERTO VILAS VIRULEGIO	30"20	2º ABEL REBOREDA MARTÍNEZ	28"00
	3º DAVID PAZOS PEREIRA	30"52	3º BORJA LAGO VIDAL	28"77
FONDO: 1000 metros:	1º XACOB ROMERO RGUEZ NR	3'13"	1º ABEL REBOREDA MARTÍNEZ NR	3'06"
	2º ALBERTO VILAS VIRULEGIO	3'23"	2º PABLO GARCÍA PÉREZ	3'19"
	3º GABRIEL BAZ SANGINETTI	3'25"	2º LUCAS ALONSO RODRÍGUEZ	3'19"
FONDO:	1º XACOB ROMERO RGUEZ NR	2.630 m	1º FERNANDO CAMPOS REIS NR	3.275 m
Test COOPER 9 min.:	2º ALBERTO VILAS VIRULEGIO	2.525 m	2º ALFONSO APARICIO VEGA	3.250 m
Test COOPER 12 min	3º GABRIEL BAZ SANGINETTI	2.425 m	3º ABEL REBOREDA MARTÍNEZ	3.200 m



LEI ORGÁNICA DA EDUCACIÓN

A nova lei educativa aprobouse o 6 de abril definitivamente no Congreso, aínda que a comunidade educativa comezara os debates en setembro de 2004.

Na esquerda valorouse especialmente a financiación da lei, máis de 7000 millóns de euros ata o 2010; a dereita rexéitaa cualificándoa de “retroceso”. Esta lei concede maior autonomía aos centros escolares para que organicen programas de atención para alumnos con problemas educativos (desde inmigrantes a superdotados), crea a nova materia de educación para a cidadanía, modifica o sistema de promoción, etc.



A nova lei toca estes aspectos:

CONTIDOS

Os contidos básicos das ensinanzas mínimas ocuparán o 55% do horario escolar para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial e o 65% para as que non a teñan.

RELIXIÓN

Todos os centros terán que ofrecer esta asignatura, pero só a cursará o alumnado que queira.

A nota que se obteña non contará para repetir curso nin fará media, tampouco se terá en conta para conseguir una beca.

NOVA ASIGNATURA

A nova asignatura de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, estudase nun dos últimos cursos de primaria e nun dos tres primeiros de secundaria.

Outro punto polémico da lei é o dereito á folga dos alumnos. Só poderan exercelo a partir de 3º da ESO.

REPETICIÓN

Os alumnos de secundaria repetirán curso con tres ou máis asignaturas suspensas a non ser que decidan o contrario os profesores. Con catro repítese sempre e con dúas nunca.

Os alumnos poderán repetir curso dúas veces nos catro anos da ESO mais nunca o mesmo curso, salvo 4º.

Nos seis cursos de primaria só se poderá repetir unha vez.

Ao finalizar a educación primaria e a secundaria farase unha avaliación para valorar as competencias que acadaron os alumnos.



ADMISIÓN

As familias poderán solicitar no propio centro a escolarización dos seus fillos, se hai máis demanda que prazas ofertadas, crearanse comisións de admisión para velar pola xustiza das adxudicacións.

A admisión establecerá a proporción dos alumnos con necesidade de apoio que deben escolarizarse na rede pública e concertada reservándose praza só ata o fin da preinscripción.



serán elixidos de forma consecuada entre os pais, alumnos, docentes e administración.

Os directores do instituto poderán impor sancións disciplinarias no acto, que poderán ser revisadas despois polo consello escolar.

Aos institutos permíteselles tamén “organizar grupos e materias de maneira flexible” e adoptar as medidas necesarias para atender aos alumnos con necesidades e ritmos de aprendizaxe distintos.

APOIO E REFORZO

A LOE ofrece iniciativas para adaptar o programa escolar aos alumnos con necesidades e ritmos de



COTAS

As familias poderán seguir facendo aportacións voluntarias aos colexios concertados.

A administración comprométese a dotar aos centros dos recursos necesarios para que poidan impartir as clases sen ter que recorrer a inversións extras.

DISCIPLINA

Os directores dos centros públicos



aprendizaxe distintos.

En primaria, os alumnos maiores axudarán a estudar a outros máis pequenos. En secundaria ofreceráanse en 1200 centros o próximo curso titorías e horas extra das materias nas que se fraquea.

O alumnado de 15 anos terá acceso aos programas de diversificación curricular.

Despois deste breve resumo, pasamos a mostrar nun cadro o calendario da súa posible implantación.

LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN	CALENDARIO PREVISTO
-Infantil (0 a 6 anos) > Voluntaria e educativa > Gratuíta a partir de 3 anos > Ensino dun idioma estranxeiro a partir de 5 anos. -Primaria (6 a 12 anos) > 1º de primaria proxectos de reforzo. > 4º de primaria proba de avaliación diagnóstico. > Poderá repetirse unha vez soa durante toda a etapa. > Educación para a cidadanía e dereitos humanos. -ESO (12 a 16 anos) > Redúcese en 1º e 2º da ESO o número de materias. > Educación para a cidadanía e os dereitos humanos. > En 2º da ESO proba de avaliación diagnóstico. > En 3º ESO programas de diversificación e excepcionalmente programas de formación profesional. > en 4º da ESO haberá opcións formativas para a vida laboral. > Repetirase curso: -1º, 2º, 3º e 4º de ESO -Con tres ou máis materias suspensas, excepcionalmente os profesores deciden se o alumno pasa de curso con tres. > Repítase curso só dúas veces en toda a etapa e nunca o mesmo curso, salvo 4º. -BACHARELATO (16-18 anos) > 3 modalidades: -artes -ciencia tecnoloxía -humanidades e ciencias sociais. > Nova asignatura: Ciencia para o mundo contemporáneo.	6 de abril de abril → aprobación da lei. Abril-maio (2006) → comezan as negociacións coas comunidades autónomas (hai desenvolvementos que farán as comunidades a partir da lei aprobada e outros que deberán agardar aos decretos do Goberno) Xuño de 2006 → decreto de calendario da LOE. Setembro- outubro de 2006 → poderían entrar en vigor para o próximo curso medidas como a nova dirección dos centros, a organización escolar e a autonomía dos centros. Tamén podería empezar a aplicarse a nova promoción de curso. 2007/2008 → entrarían en vigor os primeiros cambios nos contidos, comezarían polos cursos de 1º e 2º de primaria e 1º e 3º da ESO. A Educación para a cidadanía e os dereitos humanos podería entrar xa en vigor en secundaria. 2008/2009 → os cambios no programa escolar chegarán a 2º e 4º de ESO.



Convención Internacional sobre diversidade biolóxica.

A BIODIVERSIDADE DO PLANETA AMEAZADA.

A ONU alerta da maior perda de biodiversidade desde a desaparición dos dinosauros.

Máis de 76.000 especies (16.000 animais e ata 60.000 vexetais), están ameazadas no planeta. Esta perda de biodiversidade está considerada pola ONU como a maior desde a desaparición dos dinosauros.

O pasado 20 de marzo na cidade de Curitiba, en Brasil, tivo lugar unha convención sobre diversidade biolóxica organizada pola ONU na que participaron representantes de máis de 180 países do mundo (incluídos ministros e altos cargos de Medio Ambiente).



Xa en 1992, en Río de Xaneiro, a ONU intentou alertar á Comunidade Internacional desta grave situación, pero o deterioro continuou. Entre 2000 e 2002 a lista de especies animais ameazadas pasou das 10.000 ás 16.000 segundo datos aportados o ano pasados pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN) organismo encargado de establecer a lista de especies protexidas.

Nesta ocasión, e aínda que o obxectivo real era conseguir que diminuíse a taxa de extinción de especies, a organización quixo poñer en pé medios prácticos e locais para conservar a biodiversidade. Para isto os temas a tratar foron os seguintes:

- Áreas Protexidas: o obxectivo consistía en establecer métodos para que reciban protección efectiva polo menos o 10% das 102.100 zonas (con 18,8 millóns de Km²) que a ONU considera Áreas Protexidas. A IUCN esta-blecería 6 niveis de protección.
- Conservación: os grupos de animais e plantas (tanto terrestres como mariñas) que padezan maior perigo serán controlados de maneira especial.
- Variabilidade xenética: os países deberán manter as especies autóctonas fomen-tando a recompilación dos coñecementos dos indí-xenas. Así mesmo tratarase de que unha parte dos beneficios obtidos recaia nos propios indíxenas.
- Especies invasoras: estableceranse medidas para que non se introduzan especies foráneas que poidan alterar o equilibrio natural.
- Outras ameazas: estudíaranse medidas para evitar o impacto do quenta-mento da Terra, a contami-nación e o turismo, que en moitos países é o mesmo tempo fonte de ingresos e ameaza ambiental.



Alexandre, Alberte – 2ºB



4º A

4ºB



COLABORACIÓN ESPECIAL

O PEDREIRA 3

Nuria Guardiola

-Como? Que xa vos contaron este conto? Quen?

-Si, profe, un contacontos

-Pero se este é un conto literario! O gato negro non é o gato con botas, caramba!

A ver como o digo para que me poidades entender: pequena traizón! Si, iso é. Algo así como que vos conten unha película e revelaros o final antes de ir a vela.

O *gato negro* hai que lelo e nada máis, porque o verdadeiro alcance do relato queda desvirtuado coa intervención doutro tipo de intermediario. E aínda que pareza que non veña a *conto* vou relatarvos o que me aconteceu a bordo daquel barco chamado Pedreira do cal xa vos falei noutras ocasións, pois sincronidades do destino fan que o partícipe activo desta anécdota sexa un gato que, por certo, tamén era *negro*.

Zarpamos un venres polo San Martiño de madrugada desde o porto de Bouzas cara ás Illas Cíes. A mañá da outonía viña fresca e tinguida dunha luz nítida e espléndida. Meu pai, segundos antes de saír, preguntáralle a Xurxo, o meu irmán, se collera a empanada do maleteiro do coche. Asentiu este coa cabeza direccionando a mirada sobre o zapón que permitía acceder a un espazo que se aproveitaba entre as cadernas do casco, especie de adega que utilizabamos frecuentemente para guardar os víveres.

Dispuxemos de todo o necesario para intentar co *curricán*. Ás veces caían rinchas ou agullas. Cando levabamos ben tempo de navegación, comezamos a escoitar golpes no interior do casco. Paramos motores cheos de incertidume. Xurxo abriu o zapón da adega e meteu a cabeza.

-Que carallo fai este gato aquí! Un gato!

Quixen comprobar o que estaba a afirmar e achegueime ata alí. Efectivamente, no fondo do recuncho escuro brillaban, danzantes, dous ollos verdes. Meu irmán meteu a man co obxectivo de pór a empanada e a bola de pan a salvo, pero o animal, furioso e a velocidades de vértigo, largoulle uns rabuñazos no brazo. Cerramos o zapón violentamente, temendo que saíra de alí, entolecido como estaba. Que se podía esperar dun gato fóra de si sobre unha cuberta de oito metros de eslora?

Os chimpos e golpes que o animal pegaba eran cada vez máis fortes. Adeus saborosa empanada -pensei.

Recollemos toda a artillería de tanzas e anzós, pois o acontecemento tiñanos en tensión; os ánimos xa non estaban para a pesca.

Ao chegar ás Illas, amarramos no peirao. Meu pai abriu con moito aquel o zapón e marchamos do barco renunciando á empanada. Agardabamos a que o gato, ao sentirse só, acabaría abandonando a súa condición de intruso e inoportuno polizonte. Detrás das dunas e cun ollo posto no barco, abrimos e repartimos un par de latas de alcriques; era todo o que dispuñamos -dixo meu pai:

-As conservas a pau seco, saben a pouco aínda que tomes un cento.

De seguida a silueta do gato atravesou lixeira e con discreta elegancia o peirao para desaparecer, furtiva, detrás da construción pechada e solitaria. Exceptuando un pequeno barquiño que fondeara no outro extremo da praia, estabamos sós. Cando volvemos ao barco comprobamos a desfeita da empanada, recollemos os desperdicios e os deixámoslos á intemperie, alimento para gaivotas.

Pichocho, nativo e único habitante permanente das illas, veu canda nós, fiel á botella de augardente coa que meu pai o agasallaba cada vez que íamos alí.

Supervivente de linguaxe personalísima e forxada na intemperie de soliloquios, levantou o chapeu en xesto de cortesía e dixo o que tiña que dicir.

-*¡Raio trouxo o mouro, carallo! ¡O jato, rediós! ¡Que mouro fuxiu por alí, pa tras!*

Comunicounos que se sentía inqueda, pois vira un gato negro e que nas Illas traían mala sorte. Contámoslle que estabamos practicamente sen comer a conta do bicho e pedímoslle que nos acompañara para ver se eramos capaces de coller algún polbo. Non deu mostra de escoitar a nosa suxerencia e pegando grandes tusidos explicounos que tiña a cabeza e o peito *anjurruñidos*, e que a *gripe* case acaba con el días atrás. Agradeceu a augardente e foise para a súa chabola a facer unhas queimas que o ían poñer novo.

Decidimos ir sós á captura dos polbos. Non queríamos renunciar a pasar a noite no Pedreira. Iso, durmir alí, espertar nas Illas e respirar aquel aire salvaxe e limpo da mañá. De seguro que colleríamos algún polbo; coceríamolo a bordo e comeríamolo con sal e aceite.

Soubemos que íamos quedar sen cea cando a luz da tarde comezou a se esvaer, logo de levar unhas cantas horas remexendo nas rochas e patuxando nas pozas. De súpeto, descubrimos que entre as fendas quedaban, ledamente atrapados, uns peixiños de pel viscosa e parda. O mimetismo coas rochas eran dunha perfección extraordinaria. Sería difícil dar con eles se non fora polo ruído que facían. Abrían e pechaban as galas; podíamos escoitar a súa respiración. Deducimos que esperaban pacientemente a suba do nivel do mar, polo que chegamos á conclusión de que eran peixes anfibios. Comezamos a sacalos fóra cos ganchos de ferro. A pesar da resistencia que amosaban, marchamos cunha chea deles dispostos a facer unha boa cea co produto.

Tocoume a min abrilos para quitarlles as tripas. Pero aqueles bichos non eran coma calquera outro peixe que, logo de pasar un tempo fóra da auga, vai amouchando, perdendo forzas e morrendo. Movíanse cheos de vida escorregando das miñas mans e, cando conseguía destrípalos, seguían, rabiosos, pegando choutos. Semellábame que unha chea de ollos saltóns estaban a mirar para min e que o facían con toda a ira do mundo. Empecei a sentir que estaba facendo algo atroz.. Ao metelos na auga para lavalos, algún comezou a nadar violentamente a pesar de ter o ventre aberto, e, mentras remexía coa man no caldeiro para lavalos, un deles traboume nun dedo. Peguei un brado horrorizada.

Seguíu meu pai coa faena mentras fun ao botiquín a facerme unha pequena cura de urxencia. Minutos máis tarde, quedamos sen palabras ao comprobar que os peixes daban o derradeiro chimpno no momento de entrar en contacto co aceite ben quente da tixola.

Famentos como estábamos, o cheiro que botaba aquela fritura pareceunos exquisito. Pero cando comezamos a comer, este fíxose denso; acto seguido, pesado e finalmente, noxento. Ningún de nós foi capaz de seguir comendo naquela textura xelatinosa e chea de espiñas. Botamos aquel fracaso de menú a ceo raso, no mesmo sitio onde deixáramos a empanada, cerca dun montón de nasas que había arrombadas sobre o peirao. Con certo desacougo, dispuxemos os sacos de plumas na cabina do Pedreira.

Tardei en coller o sono. Os latexos do corazón ían marcando o ritmo no dedo mancado cunha dor débil, pero persistente. O frío facíase sentir atravesando a beleza metálica da luz nocturna. A lúa, dilatada en exceso, reflectíase no mar; o ceo furado de estrelas daba testemuña da súa inmensidade ilimitada. Botei un ollo cara fóra, e, por un instante, pareceume ver a silueta negra do gato detrás das nasas, pensei que iría comer no resto dos peixes.

Espertei no medio da noite coa necesidade de liberarme dun mal soño. Unha suor fría percorríame de arriba a abaixo. Fixen o exercicio de recrear e traer á consciencia as imaxes e emocións daquel soño: os peixes abandonaban as rochas a chimpos e viñan canda nós, subían ao Pedreira e eramos obxecto dunha lexítima vinganza: horror! trababan en nós, así, durmidos e confiados como estábamos.

Incorporeime para pescudar fóra, na noite, que permanecía magnética. A lúa percorrera media bóveda celeste, intensificándose o azul profundo e eléctrico. Unha vez máis pareceume ver a silueta esquiva ao fondo, saltando entre as nasas.

Acordamos coa primeira luz da mañá. Pichocho avanzaba a paso lento sobre a duna, arrastrando un ronsel de sombra. Desde alí fíxonos un xesto coa man. Non levaba o chapeu. O pelo, cano e amarelento pola queima do sol, íalle un pouco longo. Cos ollos postos na lonxanía do horizonte, camiñaba agora polo peirao onde tiñamos o Pedreira.

Entón fíxome un aceno para que me achegara ata as nasas onde tiráramos o resto dos peixes. Aos seus pés e con aspecto deplorable estaba o gato. O sangue aínda conservaba certa viscosidade carmín sobre o pelo negro. As vísceras asomaban por un costado do ventre, húmidas e brillantes. A cabeza parecía deformada, cunha parte do cráneo ao aire e coa boca aberta. Mirei para Pichocho buscando unha resposta a aquela escena miserenta

- *O jato foi dar nas alemañas, redíós que noite me deu o maricón!*

Sen chegar a comprender moi ben o que quería dicirnos, contámoslle o da captura dos peixes, e que xa marcháramos, pois leváramos sen comer decentemente unhas vintecatro horas. Entón, coa pel da cara, se cadra, máis encarnada ca nunca, comezou coas súas gargalladas

- *Ai, carallo de dios, ir a coller demos ; Demos! Demos, non se poden tocar!*
Ai miña nai!

Minutos máis tarde estábamos de camiño para o Porto de Bouzas. Regresábamos sen mediar palabra, reflexivos e taciturnos, sobre un mar tranquilo e luminoso. Mirei para Xurxo que levaba o entrecello engurrñado. Boteille un sorriso de coma quen non quere a cousa. Despois de todo, esperábanos un bo chocolate con churros ao chegar a terra.

4º D.C.



Os de 4º



E LOGO DA ESO, QUE?

Os estudantes de 4º da ESO preocúpanse polo graduado, pero se non o conseguen en xuño, poden pensar que lles queda setembro, aínda que mostran menos rendemento que en xuño.

Pensem que conseguen o graduado. Tes varias posibilidades de seguir estudando.



A.- O bacharelato dura dous anos, se non repites ningún, que vai dirixido ós estudantes que queren ir á universidade ou ben para facer un ciclo superior. Hai tres modalidades:

- Ciencias e tecnoloxía, humanidades e ciencias sociais e artes.

Para pasar de 1º a 2º tes que aprobar todo ou non suspender máis de dous. En 2º terás que aprobar todas as materias. Segundo a modalidade e as optativas que

escollas, o bacharelato orientarase cara a determinados estudos.

A selectividade condiciona os teus estudos posteriores, é dicir, tes que escoller as materias da mesma rama ao que ti queiras estudar.

O ciclo superior dura un ou dous cursos, con parte teórica e parte práctica en empresas, e saíras co título de técnico superior na modalidade escollida.

B.- Os ciclos medios constitúen unha boa saída se queres continuar estudando pero doutra maneira máis sinxela. Para acceder a estes ciclos tes que ter o graduado da ESO, ou aprobar o exame de acceso aos 18 anos. Estes estudos duran entre un e dous anos, e todos eles incorporan unha parte de formación en centros de traballo. Se aprobas a parte teórica e a parte práctica obtés o título de técnico.

SE TES DÚBIDAS ...

Como norma xeral tes que aprobar todas en 4º de ESO e as pendentes doutros cursos inferiores para obter o graduado. Excepcionalmente o equipo de profesores pode propoñerte para o título se tes dúas suspensas e non son nin lingua castelá, lingua galega e matemáticas, sempre que non sexa abandono da asignatura. Se cho dan e vas seguir estudando non tes que recuperar as asignaturas da ESO.



Se fas un ciclo medio e despois queres facer un ciclo superior, deberás facer bacharelato ou un exame de acceso onde aparecerán cousas de bacharelato.

Se non consegues o graduado, tes as seguintes posibilidades



tes

1º.- A educación para adultos.

Está dirixida a maiores de 18 anos ou menores que teñen algunha razón para non poder seguir o sistema normal.

As clases son polas tardes e por módulos: desde o 1 ao 4, superar o 4 equivale ao título. Se tes aprobado 1º e 2º que facer só os niveis 3 e 4.

2º. Exame por libre.

Se cumpres 19 podes presentarte a exames por libre en xuño ou setembro.

Se tes 18 anos podes presentarte ás probas de ciclos medios.

3º.- Programas de garantía social.

Se non queres seguir estudando, e tes 16 anos, podes entrar nun programa de garantía social. Dura un curso, con horas prácticas en talleres ou empresas. Non che dan ningún título, só unha certificación académica, pero podes presentarte ao exame a ciclos medios.

4.- As escolas taller.

Son para formar aos desempregados menores de 24. Duran entre 1 ou 2 anos. Para matricularse esíxenche que estés dado de alta no INEM. Tes que achegarte á oficina de emprego e preguntar polos cursos.

5.- O mundo laboral.

Esta vía non sempre é posible porque entre unha persoa con estudos e outra sen eles, os empresarios escollen á primeira. Pero se o consegues non te olvides do ensino para adultos.

SE TES DÚBIDAS ...

- Se estás en 4º e tes 18 e non vas aprobar todas, podes presentarte ás probas de acceso a ciclos medios.
- Se estás en 2º e xa repetiches en primaria é mellor que te matricules nun curso de garantía social.
- Se con 16 anos estás en 2º ou 3º, os profesores poden considerar que non conseguirás rematar a ESO e deberás abandonar o ensino obrigatorio e só che queda a opción do ensino de adultos.

A nova lei educativa introducirá pequenos cambios nestes aspectos.

Se deixas de estudar na ESO non tes ningún título, a primaria xa non existe e ter o título é imprescindible.

Fanny Dieste, Jenny Cal – 2ºC

CAMIÑO DE PEREGRINACIÓN

O Camiño de Santiago é unha milenaria tradición asentada e acollida con cariño en Galicia. E atrae cada ano a centos, incluso miles, de peregrinos ata a súa bela e misteriosa terra. Desta forma, sen importar a idade, iníciase o camiño de peregrinación, movidos pola fe.



O Camiño de Santiago é unha longa peregrinación que se leva realizando dende hai casi dous mil anos á cidade galega de Santiago. O motivo desta peregrinación é que se cre que o sepulcro do apóstolo Santiago atópase so a catedral. Non hai ningún estudo que demostre que os restos sexan verdadeiramente do apóstolo, mais realmente a fe move montañas.

O seu excepcional carácter apostólico proporcionou que o santuario compostelano exercese unha poderosa atracción para todos os cristiáns, tanto en occidente como en oriente, e convertiuse, a par de Roma e Xerusalén, nun dos principais centros de peregrinación cristiá.

O longo dos anos establecéronse unha serie de símbolos identificadores do peregrino, como a cuncha de vieira que na antigüidade se utilizaba como salvagarda por ter que atravesar un territorio en conflito, desta forma ambos bandos respectaban os peregrinos e así non eran atacados. Outros símbolos que identificaban ao peregrino soen ser por tradición unha larga túnica, unha petaca feita dun cabazo, un chapeu de á ancha, e quizais o máis importante de todos, o caxato, que tanto axuda nesas pesadas e numerosas costas do traxecto.

O peregrino durante a súa travesía guíase grazas a unha serie de frechas amarelas estratéxicamente colocadas, uns azulexos azuis con vieiras resaltadas en cor amarela no seu interior que informan ao camiñante tanto da dirección como dos quilómetros que quedan para Santiago. De cando en vez o camiñante tamén atopa grandes paneis informativos que o guían.

Cando os actuais alumnos de 3º iniciaron este curso, xa tiñan na cabeza esta viaxe que, ao longo dos meses previos irían concebindo e pasando da idea inicial aos preparativos finais. A



data elixida foi xusto despois de Semana Santa. O mércores 19, tras todas as preparacións descubríase o pastel: uns excesivos 30€ custaba a viaxe, existe a posibilidade de que sexan xustificados, pero o que é innegable é que esa cifra fixo que máis de un o pensase.

“O prezo das entradas pareceume moi alto”.



Dos días despois, venres 21 e sábado 22, comeza o camiño de 112 quilómetros, tan curtos en coche e tan amplos a pé, pero como se di “por algo se comeza”.

Ás 9 da mañá os peregrinos novatos agardaban os dous minibuses que os levarían a Tui ... corenta minutos despois subiron ao transporte. En Tui e pasiño a pasiño, xa comeza o largo camiño. A ruta, na súa maioría por estrada, transcurriu sen dificultades, pero chegou o diluvio. Non deixa de ser cómico ver

esa fileira de chovasqueiros de cores movéndose baixo a chuva, pero aínda te rirías máis senón te estiveses mollando. Ao mediodía a idea de deterse a comer baixo un teito era como estar no ceo e despois de correr dun lado para outro buscando cumprir ese soño, os camiñantes refuxiáronse baixo o teito do patio dun colexio para tomar o seu bocadillo, que nesta ocasión sabía a gloria. Por sorte, pola tarde, o tempo calmou levemente, aínda que non hai chuva sen pozas e a molladura ninguén cha quita. Seguindo o camiño, xa arredor das seis da tarde, ver os letreiros de Redondela no horizonte é unha das cousas máis bonitas do mundo. Aquí remata a primeira etapa.

Nove da mañá do sábado 22, diante do albergue de Redondela, agardaban a saída os peregrinos moitos con chovasqueiro por se acaso. Pouco tempo tiveron que agardar para comezar a camiñar, esta présa obrigou a Sonia, profesora de inglés, a pasar lista en marcha. A primeira etapa rematara con algúns



do grupo, pero isto pouco importaba. Afortunadamente, a lei de Murphy fallou e o ceo non derramou nin gota. Costa arriba, costa abaixo, por moito monte e pouca estrada, camiñando a par de Protección Civil por motivos de seguridade. O camiño seguía e o tempo ía mellorando.

Atravesando o monte e varios regatos, ás veces un maldí a persoa que colocou os sinais xa que ou era un pouco cruel, ou un traballador explotado ou tiña graves problemas coa bebida. En tempo récord



chegaron a Pontevedra para parar a comer, coa fortuna e o aliciente de que o lugar escollido cadraba que estaba o pé dun centro comercial. Unha boa comida, diversión e o cu sentado; despois disto andar non parece tan difícil. A tarde transcorre apaciblemente, sen problemas técnicos, ata chegar a Barro, claro está, despois de subir unha gran costa. Descanso no autobús e volta para a casa a repousar.

“Gustoume máis a segunda etapa porque as vistas eran

mellores”.

Entre etapas transcorreron case dúas semanas, suficientes para esquecer calquera detalle doloroso do camino e quedarse só co bonito. Non esqueamos que seguía habendo clase, así que foi peor o remedio que a enfermidade.

Venres 5. Xa nada é tan emocionante como antes, mais os ánimos non decaen. De Redondela partimos a Barro en autobús co fin de rematar o que empezamos. Nesta etapa é onde máis caxatos se ven e na que se nota certo desnivel entre os camiñantes. Todo o grupo se detivo xunto a unha igrexa e unha rotonda a media mañá. A auga sabía a ferro e na rotonda uns imbéciles ensinaban como se derrapaba con un coche ou moto, pero polo menos sentar foi alivio suficiente. Horas despois detivémonos de novo para comer nun cruzamento de camiños a carón dunha fonte e baixo o abrasante sol, acompañados por unhas cancións a guitarra e voz das que non opinaremos porque...Despois disto, o percorrido continúa e curiosamente chégase a un punto no que Padrón semella afastarse e achegarse ao mesmo tempo, aínda que ao final se consegue vencer estar ilusión e vemos por fin na cima dunha costa o punto e final desta etapa, un albergue que ven como auga de maio.



“As miñas etapas favoritas foron as dúas últimas porque non me atopaba cansa e rinme moito”

Arredor das sete da tarde estes peregrinos mozos instálanse nas súas camas co aviso de silencio. Unhas charlas, unhas risas, unha ducha de auga xeada nun pequeno baño, e para rematar de relaxarse, un breve paseo pola próxima alameda de Padrón. Por petición anónima omitiremos o nome e a anécdota que incluía petardos, veciños malhumorados, caixas de correo, macetas e uns irresponsables adolescentes. Despois de toda esta aventura que mellor que unha boa cea de pizza con visita do noso profesor de relixión incluía. Pola noite cedo, non era tan fácil porse a dormir, así que optouse por un breve paseo tras do que tería que haber un silencio sepulcral. Nas súas respectivas camas e nos seus respectivos sacos de dormir deitáronse os peregrinos que charlaban entre murmurios mentras o profesor mandaba calar e vixiaba a zona. Cando rematou o ruído comezou o concerto. Un concerto a base de profundos ronquidos dun peregrino adulto anónimo. Durmir non é tan fácil como pechar os ollos.

“Paseino moi ben aínda que non podemos durmir pola culpa dos ronquidos dalgúns peregrinos”.

Á mañá seguinte dividímonos en dous grupos para ir almorzar. Despois do almorzo que consistía en leite con colacao, chocolate, confeitos e froita, volvemos ao camiño baixo as ameazas da chuvia. Aínda en Padrón lembramos o rexeitamento que provocou a nosa visita aos hóspedes do albergue ou a macabra visión dun valado protexido de cristais. Pero a viaxe segue e o camiño tamén e aínda que os ánimos perduran, ao fin e ao cabo os pés doen, xa nada é novo e Santiago está tan preto que imaxinamos que ao



xirar un curro o atoparemos alí, mais non é certo. Coñecemos que o percorrido só será pola mañá, o cal aumenta as ansias de chegada, rexeitando paradas para descansar. A viaxe é tranquila aínda que se notan algúns roces. Ao chegar a un xardín descansamos un anaco e entón é cando vemos a magnífica catedral alzándose por encima de toda Compostela. Terminamos de atravesar o monte e despois dunha enorme costa por fin pisamos Santiago, mais aquí tamén hai dificultades. A maior parte da sinalización pertence a hoteis ou a outras direccións, pero os indicadores do camiño son moi escasos. Os que ían en cabeza tiveron a lóxica idea de ir preguntando a múltiples persoas, incluído un policía que estaba traballando,

xa que non era fácil orientarse. Curiosamente, o grupo traseiro preferiu seguir os sinais do camiño en vez de preguntar e remataron perdéndose. Case media hora despois chegaron por fin ao punto de encontro, unha alameda á entrada do casco vello. Todo grupo sentou sobre a herba para comer, nun lugar rodeado de bancos, ao lado dunha fonte e preto dun baño público: non era o hotel Ritz, mais que ben se estaba alí.

Depois do merecido descanso, atravesamos o casco vello deica a catedral, que, despois do camiño parecía máis maxestuosa ca nunca. Tíramos unhas cantos fotos de grupo e despois dirixímonos a selar a compostelana, documento que demostraba que esa experiencia non era ningún conto. Ao finalizar “o papeleo” déusenos ata as 6 da tarde para, creo que a palabra empregada foi divertírnos. Descoñezo o que fixo cada persoa, pero o lugar permitía ir de compras, visistar museos, oír música, descansar, aburrirse, xogar a pelota, aburrirse, realizar as tradicións da catedral como a aperta ao apóstolo, a visita ao sepulcro, o cabezazo, etc.

Cando chegou a hora o grupo reuniuse de novo e dirixiuse cara a estación. Nesta parte sucede o de sempre, compráse o billete e agardas o tren.



**“Foi *germantástico*,
sinxelamente pletórico”**

En marcha no tren un dase conta do pequena que fora a distancia camiñada, de que en poucas horas cruza o que lle levou catro días. Na viaxe de volta podías falar, botar unhas risas, ler ou simplemente calar e mirar a paisaxe. Por fin en Redondela, arredor das 9, creo recordar, descansar e volver á casa era o mellor.

Unhas semanas despois cumpriuse a promesa de devolvernos parte do diñeiro, uns 15 €, feito que enche a un de ledicia e satisfacción.

Agora, reflexionando sobre o camiño, todo parece tan insignificante que posiblemente algo que ao comezo era tan importante só se teña convertido nunhas cantas anécdotas que contar no futuro. Non foi especialmente duro, non foi especialmente divertido, pero o certo é que se trata dunha experiencia que a un lle apetece vivir e que no vai ser tan doado esquecer.

Xoel Leirós, Pablo Lago, Gabriel Iglesias,
Miguel Angel Lamas, Martín Fernández,
todos de 3º A

ENSAIOS

OS LACASITOS:

Os lacasitos son as cousas máis ricas que se inventaron. Cada un deles é especial e un ao día dache alegría e cando ves ese tubo amarelo que pon lacasitos alégraseche o día ó lembrar cando eras pequeniño e os comías disfrutando dende o último ata o primeiro.



Para analízalos primeiro hai que saber o que son: son como pequenos botóns recheos dun maravilhoso chocolate con leite, hainos de moitas cores e sempre con ese “lacasitos” en marrón escrito por encima. Eu penso que Deus foi o inventor dos lacasitos e que deberían ser unha das maravillas do mundo. Só me queda dicir ¡que vivan os lacasitos!!.

Nicolás J. Glez. Diz – 4º A

O MÓBIL

O móbil é un medio de comunicación de bolso, que o podes levar a onde queiras.

A típica idade en que che regalan un móbil é a dos 11 anos máis ou menos. Faiche unha ilusión tremenda, pois os teus amigos chámante ao móbil ou chámalos ti, sin que ous teus pais ou irmá (no meu caso) estean polo medio.

O bo que ten é que cando te aburres daslles as típicas chamadas perdidas, ou mándaste mensaxiños e *picas pedra* con que che gusta. Cada ano van avanzando máis, que si pantalla a cor, si cámara de fotos, vídeo, descargas melodías, imaxes, xogos... de todo.

Eso sí, gastas bastante. Un mes 15 €, bueno, vale. Para o seguinte mes gastas 20 €, uh, estaste pasando, pero pouco a pouco vaste viciando ata que a túa nai che grita



¡eu non sei a quen mandas tantos sms!!!.

Hai meses que poñen unha oferta que se chama mensamanía, unha gran oferta que lle gusta a todo mundo, porque podes mandar mensaxes gratis. Que ben! Abúrrome! Pois vou mandar unha mensaxe para quedar, ou para falar de algo, total é gratis. Pero chega un momento que te estresa, porque non sabes a quen atender, pois ao mellor tes que contestar a catro persoas á vez. Esta oferta soe durar un mes ou dous, no me lembro, pero unha vez que remata, que xa estás acostumadísima a enviar as mensaxes cando queres, logo tes un *mono* tremendo, pero tes que conteñerte que agora xa custan cartos e se non a factura ... en fin ... un gran invento para quen saiba utilizalo.

María Amoedo – 4º A

A MODA

¿Qué é a moda? É unha boa pregunta, xa que non é doado definir. A moda ¡que é! unha costume ou uso de algo durante un certo tempo, ata que chegue outra e a anterior quede desprazada ou anticuada. Tamén poderíamos definir a moda como o que está de actualidade.



A moda abarca moitos aspectos: a vestimenta e os seus complementos, os coches, as motos, costumes e decoración, entre outros. Pero a maioría da xente ve a moda, sobre todo a xuventude, na roupa e os seus complementos.

A xuventude é a que máis se preocupa de ir ou estar á moda. Eu non teño moita experiencia nisto, pero no meu entorno noto que ocorre.

No instituto a xente fíxase no comportamento, costume ou vestimenta dos demais, dependendo

de cómo unha persoa vaia vestida métese dentro dun grupo e trátase dunha ou outra forma, e ás veces, incluso, vese como esa persoa é despreciada polos demais. Claro está que isto non é xusto, pero é o que ocorre hoxe en día.

Podemos ver a xente que non se rixe polas modas nin lle importa o que digan os demais sobre eles.

Para rematar, eu opino que cada un é como é e non se lle debería de xulgar por como viste, que coche ten ... pero isto non se leva a cabo e ocorre. A xente escrava das modas. Eu tampouco podo dicir moito porque a min ocórreme. E as modas inflúenme e a xente que non a segue pode chegar a ser motivo de mofa ou burla.

Noelia Gesteira – 4º A

AO FONDO ...GALICIA

1. Se durante unha conversa oes falar de Pedro Madruga adiviñas que:

- a) O tal Pedro é digno de mágoa.
- b) Refírense a un nobre galego que se enfronta cos exércitos irmndiños.
- c) Trátase dun deseñador lucense de roupa infantil.
- d) É a nova fichaxe do Celta para a vindeira temporada.



2. Dos camariñenses reconécese:

- a) A súa destreza na captura do camarón.
- b) O primor dos seus encaixes.
- c) A proverbial camaradería cos seus visitantes.
- d) A calidade das súas orquestras de cámara.

3. O Berbés é:

- a) O barrio máis antigo de Vigo.

- b) O centro óptico máis antigo de Galicia.
- c) Un molusco das Rías Baixas.
- d) O personaxe dun cómic infantil.

4. O nome de María Pita asócialo a:

- a) Muller célebre polo seu medo.
- b) Heroína galega defensora da Coruña.
- c) Inventora dun famoso caldo de ave.
- d) Árbitra de fútbol feminino.

5. Se che preguntan polas Burgas pensas de inmediato en:

- a) Un establecemento Mc Donald's.
- b) Burgos.
- c) Hamburgo.
- d) Ourense.

6. Se te convidan a asistir á Rapa das bestas sabes que presenciarrás:

- a) Concurso de peiteado canino que se celebra en Vilagarcía.
- b) Recollida e marca de cabalos salvaxes.
- c) Corte ao rape nun grupo de cabezas sen ideas.
- d) Ti non vas por se acaso.



Atlántico.

- c) Polos seus asteleiros
- d) Por facer o traxecto Valdeorras - Illas Cíes.

9. A Casa da Matanza é:

- a) O título dunha película galega de cine negro.
- b) O título dunha novela policial de autor galego.
- c) A casa onde morreu Rosalía de Castro.
- d) O nome que se dá aos matadoiros de porcino en Galicia.

10. María Castaña foi:

- a) Unha dirixente das revoltas populares contra o bispo de Lugo no século XV.
- b) A vendedora de castañas asadas máis popular de Ourense.
- c) A inventora do magosto no século XIII.
- d) Unh muller que viviu 123 anos.

Consulta a solución co teu/túa profesor/a de lingua. Desconfía se lle dá a risa coas túas respostas



7. O Morrazo é:

- a) Unha península na ría de Vigo.
- b) Un golpe nos fociños.
- c) Unha comarca ourensá productora de pementos.
- d) A actitude desvergonzada que algúns manifestan.

8. O Barco de Valedoras ten sona en medio mundo:

- a) Polas canteiras de xisto.
- b) Por ser o primeiro veleiro galego en atravesar o

TEATRO

A COCA DO ILLA

Pois si, este ano o teatro foi de Merlín: “MERLÍN, E OUTRAS GAITAS”, e si o título parecevos familiar é porque, efectivamente, algo ten que ver coa familia dese outro mago da saga artúrica que o noso inxenioso escritor, Alvaro Cunqueiro, foi quen de saber recrear. Este ano celébranse, precisamente, os cincuentas anos da súa edición.

¡Don Álvaro, este é o pequeno e humilde homenaxe que dende o IES Illa de San Simón quéremoslle rendir!

¡QUE VIVAN OS SURREALISTAS QUE NOS LIBERAN DE TANTA CORDURA!




AGORA EN FRANCÉS

Les élèves de 3^{ième} et de 4^{ième} ont joué à deviner l'avenir des camarades. Ils ont vu beaucoup de choses très intéressantes sur les autres. Je vous propose de le faire aussi. Voilà la paume de la main avec les lignes qui représentent l'amour, la vie, le succès... Faites la lecture et après on parlera.

Bonne chance !

Antonia Pache



A. Ligne de la vie:

ligne longue = une longue vie

ligne courte = une courte vie

B. Ligne de l'amour:

les deux lignes courtes = heureux en amour

les deux lignes longues = malheureux en amour

C. Ligne de l'argent:

ligne evidente = riche

pas de ligne = pauvre

D. Ligne du succès:

ligne longue = célèbre

ligne courte = non célèbre

E. Ligne des voyages:

deux ou trois petites lignes = beaucoup de voyages

F. Lignes de l'art:

Lignes bien évidentes = artiste

G. Ligne du mariage:

ligne longue = marié / mariée

ligne courte = célibataire

La paume de la main d'une personne a beaucoup de lignes. Ces lignes sont notre futur. En ce moment je regarde la paume de la main de ma camarade. La main de Sara est très, très intéressante. Elle n'a pas beaucoup de lignes. Cette main a seulement quatre lignes. La première ligne que je vois est la ligne de la vie. Tu seras une femme avec une longue vie et tu auras bonne chance en amour. Tu trouveras la personne de ta vie. Comment sera cette personne ? Elle sera blonde ou brune... ? Mais ce n'est pas tout bon. Tu n'auras pas beaucoup d'euros. La ligne de l'argent est très courte et tu seras pauvre. Après les lignes de la vie, de l'amour et de l'argent, je regarde la ligne du mariage : ta ligne du mariage n'est pas longue mais elle n'est pas courte. Je pense, mais je ne sais rien de ta ligne du mariage. A la fin tu seras mariée ou tu seras célibataire ?

Ángela López.

Élève de Français de 3^{ième} A

illadesansimon.blogspot.co

- Fotos de alumnos, profesores, excursións...
- novas do IES
- comentarios
- feito polos alumnos de 4º de Tecnoloxía

O BLOG: Caderno de bitácora no océano virtual.


Ó longo deste curso os alumnos de 4º de Tecnoloxía estiveron a colaborar nun proxecto de comunicación básico na era da Internet: a creación e actualización periódica dun “web log”, abreviadamente chamado blog.


Un blog é unha web moi sinxela na que se van escribindo parágrafos de texto (chamados “posts”) como se se tratara dun diario (de aí o nome inicial, agora pouco usado, de caderno de bitácora) e no que tamén poden incluírse fotos, vídeos ou música (arquivos multimedia que normalmente están afastados noutras páxinas; no blog simplemente hai un hipervínculo a eses arquivos). O aspecto fundamental do blog, que explica o seu grande éxito de uso, é que todos os lectores poden deixar comentarios ós textos, comentarios que poden ler outros lectores que á súa vez poden facer comentarios ós comentarios.

Cal é a diferenza entre unha web standard e un blog?. Na web normal o lector entra, le, e baixa se quere o material descargable (arquivos),... é dicir estamos ante o modelo clásico de comunicación unidireccional: un emisor, unha mensaxe, un receptor (este modelo é polo que se rixen todos os medios de comunicación tradicionais: xornal, radio, televisión,...). Co blog o receptor da comunicación, o lector, pode facilmente converterse en emisor facendo comentarios que enriquecen o texto orixinal. É dicir, é como se cando estamos a ler o xornal poideramos charlar co autor de cada artigo e co resto dos lectores.

Agardamos, polo tanto, que o blog do IES sexa algo aberto e participativo, no que todo o mundo colabore activamente cos seus comentarios e suxestións.

DPTO. DE TECNOLOXÍA





**Se non queres estudar:
VAITE PARA A PRIVADA**

¡ Hai que ter pouca vergoña!.

Cada día vexo a catro monicreques desprezando os cartos que eu lles dou, os que lles dan os meus fillos, os meus irmáns, os meus tíos, os meus amigos e todos os traballadores e traballadoras deste país.

O ensino público pagámosllo co traballo de obreiros e profesionais, e estes catro monicreques tiran os cartos polo retrete abaixo.

Pois se non queres estudar, ¡VAITE PARA A PRIVADA!, pagas do “peto dos teus pais” e fas cos cartos da túa familia o que che pareza ben.





O ensino público, obrigatorio e gratuíto ten un custe. Un custe económico, pero tamén social e moral que merece un respecto. Esta conquista dos traballadores non llela regalou ninguén, conseguiron o dereito a un ensino gratuíto para os seus fillos, as oito horas laborais, as vacacións, os dereitos de folga, os dereitos laborais e políticos básicos, loitando e sufrindo e entregando a vida de homes e mulleres bos e xenerosos.

Que a escola pública sexa gratuíta non quere dicir que non se pague, só que non a paga quen a utiliza, pero si que ten un custe, o custe da suor dos traballadores, homes e mulleres deste país. Se cada obreiro que inicia a súa xornada laboral ás cinco ou seis da mañá se para a pensar que a primeira hora vaina traballar para estes INSOLENTES, ESTÚPIDOS DESAGRADECIDOS, algún día teríamos un piquete de obreiros ás portas dos centros a pedirllas explicacións do que fan co seu sacrificio e, se cadra, a darlles uns estacazos, e a traballar ¡ senvergoñas!.

Se non queredes os nosos cartos, gastade dos vosos, deixádeos para quen os necesita, os valora e os agradece e ti, MONICREQUE DESAGRADECIDO/A









¡VAITE PARA A PRIVADA!

Asdo. Manolo Pica Pedra








**EST@S XA
SAÍRON DO IES**





2 SEMANAS DESPOIS



NON O LOGROU

